

NEGOCIACIÓN XV CONVENIO COLECTIVO XERAL SECTOR DISCAPACIDADE

Avances conseguidos por CCOO

Clasificación profesional e Táboas salariais

Achegamos dúas táboas salariais unha firmada como preacordo o 30 de outubro de 2018 e outra que se vai a achegar na firma do convenio no caso de que o goberno suba o SMI aos 900 €

As táboas fixadas no presente convenio actualizaranse como determinen as partes negociadoras para períodos sucesivos de tres anos tendo en conta para dita actualización o IPC acumulado no período anterior garantíndose un mínimo do 3,75% para os casos nos que o mencionado IPC acumulado sexa inferior.

Complemento de Antigüidade

Eliminación do actual CDP (complemento de desenvolvemento profesional) e creación dun complemento de desenvolvemento e capacitación vinculado á formación (75 horas de cursos cada 3 anos que ten que ofrecer a empresa aos traballadores e traballadoras en horario laboral)

Os niveis de desenvolvemento deste complemento xa non se rexen polo antigo 3.7% do salario base senon por dous niveis de desenvolvemento:

ND 1 (para o ano 2019) 7,5% salario base (sobre o salario base e estipulado nas táboas que se achegan) Para aquela traballadores e traballadoras con CDP acumulados do 7.4% garántese un incremento mínimo do 2% no primeiro nivel de desenvolvemento

ND 2 (aos 3 anos, en xaneiro de 2022) 5.5% salario base (sobre o salario base estipulado trala subida do IPC real en 2019, 2020 e 2021, é dicir, tres anos despois para xaneiro 2022)

Incapacidade Temporal

Ao actual artigo 79 do XIV CCG modificaríase de xeito que á primeira baixa do ano natural completébase por parte da empresa ao 100%.

Ademais, inclúese neste artigo dous reais decretos (o máis interesante é Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave) con máis de 100 enfermidades graves cubertas a o 100%. Un logro sumamente importante para un convenio pertencente ao sector do ensino privado

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

APP
PARA MÓBILES
descarga gratuita!!!

Disponible na
App Store

DISPONIBLE EN
Google play



Permisos retribuidos - Ausencias Xustificadas

O artigo 51 do actual XIV CCG quedaría redactado da mesma maneira, pero todos os días de permiso retribuidos por ausencias xustificadas serían LABORABLES e non naturais como está actualmente redactado no convenio.

Bolsa de horas para o traballador/a. Horas de asuntos propios

Créase unha bolsa de 16 horas anuais retribuídas a disposición das traballadora/es do sector para asistir a consultas médicas tanto do propio traballador/a como de fillos /as menores de 14 anos, fillos/as con discapacidade, pais e familiares a cargo en situación de dependencia. Esas horas tamén poderán ser gozadas para asistencia a titorías e/ou acompañamentos escolares para fillos/as menores de 12 anos.

Xornada Laboral

A xornada laboral máxima anual quedaría desta maneira:

	Actuais	Negociadas
Centros de atención especializada	1729	1720
Centros especiais de emprego	1758	1720
Centros Educativos con ou sen concerto	Ver cadro seguinte	

Centros Educativos con ou sen concerto.

a) Táboas salariais.

- Para o persoal de pago delegado serán as últimas publicadas á espera das que se pacten nas seguintes negociacións.
- Para o resto de persoal (persoal complementario e auxiliar / persoal de administración e servizos xerais dos centros educativos) serán de aplicación as táboas salariais achegadas no punto primeiro.

b) Xornada.

	Máxima anual	semanal	Máxima diaria
Persoal docente	1250	32 (25 lectivas máxima. En Galicia 24)	8
Persoal complementario titulado e auxiliar	1550	35	8
Persoal de administración e servizos xerais (horas)	1720	38,5	8

Para as dúbidas que teñades respecto das propostas que aquí figuran para o que queirades consultar, podedes acudir á vosa sede de CCOO ou solicitarlles ao responsables do ensino privado de CCOO da vosa comarca que celebren unha asemblea no voso centro.